No suposto dun ensino semipresencial e non presencial, utilizarase a aula virtual para subir os materiais a traballar. O profesor poderá realizar videoconferencias en jitsi ou plataformas similares, para explicar conceptos, resolver dúbidas ou realizar exames orais ou escritos. O papel do alumno debe ser activo e o papel do docente é o de facilitador do proceso de aprendizaxe. Potenciarase: unha memorización comprensiva, a resolución das actividades propostas, a investigación e a análise de documentos científicos.

6. MATERIAIS, FERRAMENTAS E RECURSOS DIDÁCTICOS

-Materiais escritos: libros de texto, prensa, textos, claves de identificación, revistas científicas... Usaremos como base o libro de texto **BIOLOXÍA E XEOLOXÍA da EDITORIAL SANTILLANA colección Saber Facer (varios autores).2016 ISBN:978-84-9972-709-7**

-Recursos Audiovisuais: vídeos, ordenador, cámara dixital, pantalla dixital,...

- Traballo práctico experimental (Laboratorio): manexo do microscopio, interpretación de estruturas biolóxicas e xeolóxicas , observación de coleccións de minerais e rochas.... -Traballo de campo :saídas polo contorno do centro, itinerarios ecolóxicos (espazos naturais), itinerarios urbanos... (Se a situación da pandemia o permite.)

No caso de presentarse un escenario semipresencial e non presencial, potenciarase o uso da aula virtual, correo electrónico e videoconferencias.

7.CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Procedementos: Observación directa do traballo diario, análise e valoración de tarefas especialmente creadas para o estándar de avaliación, valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).

Instrumentos: Probas escritas correspondentes á/s unidade/s ou bloque de contidos, outros documentos gráficos ou textuais, intervencións orais na aula, presentacións informáticas , proxectos persoais ou de grupo.

No suposto dun escenario semipresencial os procedementos e instrumentos non variarán de xeito significativo.

No ensino non presencial, basearíase en:

Procedementos: observación do traballo diario/semanal, análise e valoración de tarefas e probas, valoración cualitativa do avance individual , puntualidade na entrega.

Instrumentos: Probas escritas, actividades , documentos gráficos ou textuais, intervencións orais, proxectos persoais ou de grupo.

Para o alumnado que teña medidas de reforzo educativo e/ou ACI, poderá incrementarse nun 25% o tempo de entrega das probas.

- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

O proceso de avaliación será continuo e integrador, constando de 3 avaliacións máis a avaliación inicial.

Na avaliación terase en conta a análise das producións (cadernos, libreta de laboratorio, comentarios,...), exposicións orais, probas escritas, traballos individuais e en grupo, observación do traballo na aula, presentacións informáticas,...

En cada avaliación procuraranse realizar, como mínimo, dous exames escritos. **Se a cualificación dalgunha das probas fose inferior a 3**, non faría media , e tería que recuperar dito exame, nas semanas seguintes ao remate da avaliación, ao final do curso na proba final ou cando o profesor o estime oportuno.

A cualificación para a avaliación será:

- A media aritmética de todas as probas escritas realizadas que representan o **80% da nota**.

- O desenvolvemento de actividades, a coherencia coa que expoñen ou argumentan, a orde de intervención nos debates, a súa precisión, a presentación do traballo realizado (limpeza, organización, expresión, cadros, esquemas, gráficos, coherencia, comprensión e asimilación práctica dos obxectivos, creatividade e orixinalidade), a actitude positiva e interese polo traballo diario, a participación, atención e dilixencia no desenvolvemento de actividades , o interese na realización das prácticas de laboratorio, a explicación das lecturas recomendadas e o respecto polos compañeiros e polo profesor representan o **20% da nota**.

Durante a realización das probas escritas presenciais o alumnado non poderá estar en posesión de dispositivos telefónicos móbiles nin de calquera outro dispositivo electrónico ou de outro tipo que permita o almacenamento de información. A posesión e/ou uso dalgún destes dispositivos implicará a retirada do exame por parte do profesor e a cualificación deste cun cero (0).

No caso de que un alumno/a falte a unha proba escrita/oral, por razón xustificada, o profesor poderá, se así o estima, repetir a proba, ou se non, obter a cualificación da avaliación de tódolos datos dispoñibles dese alumno/a. A non presentación a unha proba escrita sen causa xustificada obxectiva, será cualificada negativamente.

Recuperación de avaliacións suspensas

Se un alumno non supera unha avaliación durante o curso, a profesora aplicará o sistema que crea conveniente para recuperar as avaliacións a aqueles alumnos/as que non alcanzasen os mínimos dos estándares de aprendizaxe da Programación; normalmente **sera un exame escrito con preguntas sobre os estándares de aprendizaxe que realizará trala avaliación, ademais terá que presentar os traballos pendentes**. Se quedase pendente soamente a 3º avaliación , esta recuperaríase no exame global de final de curso.

No caso de que un alumno falte a unha proba escrita ou non entregue un traballo o día sinalado, sen causa xustificada, o profesor poderá, se así o estima, repetir a proba,

ou se non, obter a cualificación da avaliación de tódolos datos dispoñibles dese alumno/a. A no presentación a unha proba escrita sen causa xustificada, obxetivamente, será cualificada negativamente.

Para os alumnos/as que NON aprobaran tódalas avaliacións **deberán presentarse á proba final de xuño. Excepcionalmente**

- Cando un alumno teña unha avaliación suspensa cunha nota maior ou igual a 3, e a media aritmética das tres avaliacións sexa maior ou igual a 5, non terá que presentarse ao exame de recuperación final de xuño.
- Cando un alumno teña dúas avaliacións suspensas cunha nota maior ou igual a 4, e a media aritmética das tres avaliacións sexa maior ou igual a 5, non terá que presentarse ao exame de recuperación final de xuño, se a profesora así o considera tendo en conta a evolución do alumno ao longo do curso.
- Para o alumno que non lograse acadar unha avaliación positiva vtralas correspondentes recuperacións (da 1º e 2º aval), haberá outra recuperación antes do Exame final de xuño.

Para aprobar a materia a cualificación final deberá ser superior ou igual a 5. Que se obterá de realizar a media aritmética da cualificación das tres avaliacións e un redondeo obtido da valoración cualificativa da adquisición de estándares ao longo do curso

8.INDICADORES, DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

- Porcentaxe de alumnado que acada unha valoración poritiva na materia
- Atención á diversidade, mecanismos postos en acción: reforzos educativos, ACI
- Eficacia e efectividade dos recursos humanos e materiais empregados
- Metodoloxía: será variada (traballo cooperativo e colaborativo, resolución de problemas, proxectos...)
- Instrumentos de avaliación que resultan útiles: probas escritas de resposta múltiple, probas orais, proxectos grupais, proxectos individuais, presentacións informáticas,... -
Avaliación inicial
- Coordinación do equipo docente en relación co resto da comunidade educativa: profesorado, alumando e familias
- Convivencia: clima de traballo
- Eficiencia das medidas curriculares e organizativas utilizadas
- Contribución da práctica docente ao desenvolvemento xeral dos plans e proxectos do centro
- Memoria de final de curso

9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

10. PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR AO ALUMNADO OS COÑECEMENTOS NECESARIOS PARA DETERMINADAS MATERIAS DO BACHARELATO

—

11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Na primeira semana do curso realizarase unha **avaliación inicial ao alumnado, oral ou escrita**, que será orientativa e servirlle ao profesor para analizar o nivel académico e as destrezas dos rapaces. Esta avaliación inicial se apoiará :

- Na observación dos alumnos na aula
- Unha proba de contidos sinxelos: que non será utilizada para a cualificación do alumno. A proba constará de preguntas sobre algún texto científico divulgativo, análise dalgún gráfico ou imaxes e/ou preguntas sinxelas
- Unha reunión co Departamento de Orientación

Tras esta avaliación inicial, os membros do Departamento reuniranse para analizar os resultados e as medidas a adoptar.

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Alumnado con ACI: elaboración de programación e deseño de actividades para que alcancen os estándares de aprendizaxe coa axuda do Departamento de Orientación
- Alumnado con reforzo educativo: adaptación dos instrumentos de avaliación (modificación dos tempos dos exercicios, preguntas máis claras e sinxelas, elaboración de exercicios escritos fóra da aula de referencia para que non existan distraccións,...). As adaptacións dos instrumentos da avaliación dependerán das características do alumnado.
- Alumnado repetidor, dependendo do tipo de alumno/a pódese aplicar as medidas de reforzo educativo.
- Alumnado que recibe apoio de especialistas PT/AL

13. ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN

Teñen especial importancia:

Educación ambiental

O tratamento deste tema transversal realizarase tanto ó impartir os contidos básicos, nos que se deben incluír as grandes cuestións da educación ambiental, coma nos complementarios, nos que se deben formular aspectos do tema e tratalos monograficamente.

Algúns dos aspectos ós que se deben prestar maior atención no conxunto deste tema transversal son: o tratamento dos residuos sólidos urbanos, o control dos vertidos de substancias tóxicas, o impacto ambiental das emisións atmosféricas, a xestión dos recursos naturais coma a auga, etc. En moitos casos, estes temas pódense tratar desde o punto de vista de diferentes disciplinas.

Educación para a saúde

Existen unha serie de aspectos moi importantes relacionados coa educación para a saúde, que deben terse en conta. Entre eles destacan a prevención de riscos de enfermidades infecciosas e medidas a seguir na vida diaria para evitar alerxias, intoxicacións e infeccións por fungos, protistas e moneras, os perigos das radiacións, etc. as medidas de hixiene e conservación referentes a alimentos. Recoñecer e valorar a importancia da auga e dos alimentos na nosa vida, a súa calidade.

Educación do consumidor

Aspectos coma o uso responsable da enerxía que utilizamos no fogar ou no cultivo de vexetais, a elección de alimentos adecuados, o coñecemento das repercusións que teñen sobre o medio os produtos que consumimos, a importancia do tratamento dos residuos e as técnicas de aforro a través do reciclado, etc. En conxunto, todos estes aspectos van dirixidos a crear unha conduta de consumo responsable, respectuosa coas persoas e co medio.

Educación non sexista

No ámbito científico a presenza da muller é realmente importante, o que fai absurda a discriminación por razón de sexo. Esta situación real debe servir como punto de partida e como base para realizar unha educación para a igualdade de oportunidades que se estenda non só ó medio científico, senón a tódolos aspectos da vida cotiá.

Educación cívica

Se estudarán as medidas para diminuír a emisión de dióxido de carbono e outros gases de efecto invernadoiro; xestionar o consumo de auga e a dificultade de acceso á auga potable; preservar a biodiversidade

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Ver Plan Anual AACCEE

15. REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.

Os procedementos para avaliar a programación levaranse a cabo do xeito seguinte: • Mediante análise do seguimento e desenvolvemento da programación nas reunións de departamento.

• Mediante a ficha que se cubre despois de cada avaliación e na que se realiza a análise no documento “avaliación da función docente”, na que se recollen aspectos relacionados co desenvolvemento da programación e organización como:

A adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

A necesidade de modificar os procedementos de avaliación

A necesidade de levar a cabo medidas de atención á diversidade.

Mediante a memoria de fin de curso na que se recollan os resultados obtidos, os problemas detectados e os posibles cambios a realizar na programación para o seguinte curso

16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR (ver Plan Lector).

Narón, 25 de marzo de 2023

4º ESO

CULTURA CIENTÍFICA

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE
3. OBXECTIVOS
4. ESTÁNDARES AVALIABLES
5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS
6. MATERIAIS, FERRAMENTAS E RECURSOS DIDÁCTICOS
7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN
8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.
9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES
10. PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR AO ALUMNADO OS COÑECEMENTOS NECESARIOS PARA DETERMINADAS MATERIAS DO BACHARELATO
11. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS
12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
13. ELEMENTOS TRANSVERSAIS
14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
15. REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

a) O Instituto de Ensino Secundario Terra de Trasancos é un centro do Concello de Narón de titularidade pública. O nivel socioeconómico das familias é principalmente de clase obreira ou clase media/baixa. No contorno máis inmediato ó centro podemos atopar, cara ó norte e ó leste edificacións de grande volume adicadas como xa se indicou antes a actividades de tipo industrial, comercial e empresarial. Cara ó sur e o leste atopamos vivendas unifamiliares, e, nun contorno máis lonxano vivendas plurifamiliares. Ademais, inmediatos ó centro, atopamos o IES As Telleiras e o polideportivo municipal de As Lagoas.

O acceso principal ó centro resólvese dende a Estrada de Cedeira.

A distancia do IES ós núcleos urbanos do concello, así como a procedencia dos alumnos fai que estes accedan na súa práctica totalidade a este en transporte escolar, e, no caso dos alumnos de ciclos en transporte privado cando o seu horario lectivo non coincide co do resto dos alumnos. Este feito supón un condicionante extremo na actividade do centro pois, na práctica, o desenvolvemento de calquera actividade fóra do horario lectivo implica o desprazamento dos participantes polos seus propios medios sen que exista nin sequera transporte colectivo público nas cercanías.

b) Modelo lingüístico.

O idioma oficial empregado no centro é o galego. Emprégase en tódalas comunicacións, circulares e escritos. En canto ó idioma empregado nas clases, é parello entre o galego e o castelán, axustándose en todo caso ó prescrito na normativa lingüística sobre o uso do galego no ensino.

O idioma empregado polos profesores nas súas relacións persoais é indistintamente galego ou castelán, sen que se aprecie preponderancia no uso dalgún deles.

c) Datos relacionados co alumnado e coas familias:

1) Etapas e niveis de ensinanza. O centro imparte ensinanzas de:

Educación secundaria obrigatoria (ESO)

Bacharelato. As modalidades impartidas son o Científico Tecnolóxico e o de Humanidades e Ciencias Sociais.

Ciclos de grao medio:

- Xestión administrativa. Pertence á familia profesional de administración. Ten unha duración de 2000 horas repartidas en dous cursos académicos.

Ciclos de grao superior.

- Administración e Finanzas. Pertence á familia profesional de administración. Ten unha duración de 2000 horas repartidas en dous cursos académicos.

FPBÁSICA de Electricidade e Electrónica.

1.f)FPBÁSICA de Servizos Administrativos

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A relación entre dos estándares de aprendizaxe avaliábeis desta materia e as competencias clave do currículo (a) Comunicación lingüística (CCL). Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT). Competencia dixital (CD). Aprender a aprender (CAA). Competencias sociais e cívicas (CSC). Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Conciencia e expresións culturais (CCEC)) figura no punto 6.

3. OBXECTIVOS

OBXECTIVOS XERAIS

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou

social. Rexeitar os estereotipos que supoian discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Proporcionalle ao alumnado capacidade de análise e de procura da verdade, entendendo e valorando criticamente as situacións de carácter científico que afectan directamente á cidadanía do século XXI .

2. Avaliar enunciados de carácter científico que aparecen nos xornais e tomar decisións fundamentadas en probas de carácter científico, diferenciándoas das crenzas e das opinións.

3. Utilizar probas e argumentar en relación a cuestións de carácter científico, e tomar decisións baseadas en probas.

4. Desenvolver as competencias lingüística e dixital, a través da realización de tarefas grupais que supoian compilar e organizar información, expola de xeito oral e escrito, elaborar presentacións, defender as opinións propias en debates e outras situacións de aula.

5. Fomentar a responsabilidade do alumnado no proceso de aprendizaxe, a avaliación e a autoavaliación, a autocrítica e a promoción da iniciativa do alumnado para que sexa o protagonista do proceso.

6. Conseguir a alfabetización científica da cidadanía.

En resumo, obtención e a selección crítica de información de carácter científico; a valoración da importancia da ciencia e a tecnoloxía na vida diaria; a comunicación de información de carácter científico nos soportes escrito, oral e virtual; o diálogo e o debate entre iguais sobre os temas científico tecnolóxicos; o traballo cooperativo e colaborativo. Trátase, pois, ademais de adquirir coñecementos científico tecnolóxicos, de contribuír á capacidade de avaliar de xeito crítico e comunicar eficazmente cuestións de carácter científico e tecnolóxico.

4. ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE: objetivos, contenidos, estándares, criterios de evaluación, temporalización, competencias básicas



4º ESO

Cultura Científica. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Procedementos de traballo				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. A comunicación en ciencia e tecnoloxía. O artigo científico. Fontes de divulgación científica. Elaboración e presentación de informes utilizando medios diversos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Obter, seleccionar e valorar informacións relacionados con temas científicos da actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB1.1.1. Analiza un texto científico, valorando de forma crítica o seu contido. ▪ CCIB1.1.2. Presenta información sobre un tema tras realizar unha procura guiada de fontes de contido científico, utilizando tanto os soportes tradicionais como internet. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ f ▪ l ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Ciencia, tecnoloxía e sociedade. Perspectiva histórica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Valorar a importancia da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico na actividade cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB1.2.1. Analiza o papel da investigación científica como motor da nosa sociedade e a súa importancia ao longo da historia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. A comunicación en ciencia e tecnoloxía. O artigo científico. Fontes de divulgación científica. Elaboración e presentación de informes e presentación utilizando medios diversos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Comunicar conclusións e ideas en distintos soportes a públicos diversos, utilizando eficazmente as tecnoloxías da información e da comunicación, para transmitir opinións propias argumentadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB1.3.1. Comenta artigos científicos divulgativos realizando valoracións críticas e análises das consecuencias sociais, e defende en público as súas conclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE
Bloque 2. O Universo				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Orixe do universo: o Sistema Solar, a Terra, a vida e a evolución. Teorías científicas fronte a opinións e crenzas; 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Diferenciar as explicacións científicas relacionadas co Universo, o Sistema Solar, a Terra, a orixe da vida e a evolución das 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB2.1.1. Describe as teorías acerca da orixe, a evolución e o final do Universo, e establece os argumentos que as sustentan. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT



Cultura Científica. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ f	perspectiva histórica.	especies, daquelas baseadas en opinións ou crenzas.		
▪ f	▪ B2.2. Orixe, formación e estrutura do Universo.	▪ B2.2. Coñecer os feitos históricos e as teorías que xurdiron ao longo da historia sobre a orixe do Universo, e en particular a teoría do Big Bang.	▪ CCIB2.2.1. Recoñece a teoría do Big Bang como explicación á orixe do Universo.	▪ CMCCT
			▪ CCIB2.2.2. Sinala os acontecementos científicos que foron fundamentais para o coñecemento actual do Universo.	▪ CMCCT
▪ f	▪ B2.2. Orixe, formación e estrutura do Universo.	▪ B2.3. Describir a organización do Universo e como se agrupan as estrelas e pos planetas.	▪ CCIB2.3.1. Establece a organización do Universo coñecido, e sitúa nel o sistema solar.	▪ CMCCT
			▪ CCIB2.3.2. Determina, coa axuda de exemplos, os aspectos máis salientables da Vía Láctea.	▪ CMCCT
			▪ CCIB2.3.3. Xustifica a existencia da materia escura para explicar a estrutura do Universo.	▪ CMCCT
▪ f	▪ B2.2. Orixe, formación e estrutura do Universo.	▪ B2.4. Sinalar que observacións poñen de manifesto a existencia dun burato negro, e cales son as súas características.	▪ CCIB2.4.1. Argumenta a existencia dos buratos negros e describe as súas principais características.	▪ CMCCT
▪ f	▪ B2.2. Orixe, formación e estrutura do Universo.	▪ B2.5. Distinguir as fases da evolución das estrelas e relacionalas coa xénese de elementos.	▪ CCIB2.5.1. Coñece as fases da evolución estelar e describe en cal delas atopar o noso Sol.	▪ CMCCT
▪ f	▪ B2.3. O Sistema Solar: formación e estrutura.	▪ B2.6. Recoñecer a formación do Sistema Solar.	▪ CCIB2.6.1. Explica a formación do Sistema Solar e describe a súa estrutura e as súas características principais.	▪ CMCCT
▪ f	▪ B2.3. O Sistema Solar: formación e estrutura.	▪ B2.7. Indicar as condicións para a vida noutros planetas.	▪ CCIB2.7.1. Indica as condicións que debe cumprir un planeta para que poida albergar vida.	▪ CAA ▪ CMCCT



Bloque 3. Avances tecnolóxicos, implicacións sociais e ambientais				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Ambiente, tecnoloxía e sociedade. O crecemento da poboación humana e os problemas ambientais. Sustentabilidade e protección ambiental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Identificar os principais problemas ambientais, as súas causas e os factores que os intensifican; predicir as súas consecuencias e propor solucións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB3.1.1. Relaciona os principais problemas ambientais coas súas causas, e establece as súas consecuencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB3.1.2. Procura e describe solucións aplicables para resolver os principais problemas ambientais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ h ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Ambiente, tecnoloxía e sociedade. O crecemento da poboación humana e os problemas ambientais. Sustentabilidade e protección ambiental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Argumentar sobre o crecemento da poboación humana, a evolución tecnolóxica, os problemas ambientais e a necesidade dunha xestión sustentable dos recursos que proporciona a Terra. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB3.2.1. Coñece e analiza as implicacións ambientais dos principais tratados e dos protocolos internacionais sobre a protección ambientais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ g ▪ h ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Principais problemas ambientais: causas, consecuencias e posibles solucións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Valorar as graves implicacións sociais, tanto na actualidade como no futuro, da sobreexplotación de recursos naturais, a contaminación, a desertización, a perda de biodiversidade e o tratamento de residuos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB3.3.1. Recoñece os efectos do cambio climático, establece as súas causas e propón medidas concretas e aplicables, a nivel global e individual, para o reducir. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB3.3.2. Valora e describe os impactos da sobreexplotación dos recursos naturais, a contaminación, a desertización, os tratamentos de residuos e a perda de biodiversidade, e propón solucións e actitudes persoais e colectivas para os paliar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Estudo de problemas ambientais do contorno próximo. Elaboración de informes e presentación de conclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Saber utilizar climogramas, índices de contaminación, datos de subida do nivel do mar en determinados puntos da costa, etc., interpretando gráficas e presentando conclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB3.4.1. Extrae e interpreta a información en diferentes tipos de representacións gráficas, elaborando informes e establecendo conclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE



<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Xestión enerxética sustentable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Xustificar a necesidade de procurar novas fontes de enerxía non contaminantes e economicamente viables, para manter o estado de benestar da sociedade actual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB3.5.1. Establece as vantaxes e inconvenientes das diferentes fontes de enerxía, tanto renovables como non renovables. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Xestión enerxética sustentable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Coñecer a pila de combustible como fonte de enerxía do futuro, establecendo as súas aplicacións en automoción, baterías, subministración eléctrica a fogares, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB3.6.1. Valora e describe os impactos da sobreexplotación dos recursos naturais, a contaminación, a desertización, os tratamentos de residuos e a perda de biodiversidade, e propón solucións e actitudes persoais e colectivas para os paliar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB3.6.2. Explica o principio de funcionamento da pila de combustible, suscitando as súas posibles aplicacións tecnolóxicas e destacando as vantaxes que ofrece fronte aos sistemas actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<p>Bloque 4. Calidade de vida</p>				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Saúde e doenza. Importancia da ciencia na mellora da saúde ao longo da historia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Recoñecer que a saúde non é soamente a ausencia de afeccións ou doenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB4.1.1. Comprende a definición da saúde que dá a Organización Mundial da Saúde (OMS). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Doenzas máis frecuentes: causas, síntomas, medidas preventivas e tratamentos. ▪ B4.3. Uso responsable dos medicamentos máis comúns. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Diferenciar os tipos de doenzas máis frecuentes, identificando algúns indicadores, causas e tratamentos máis comúns, e valorar e describir a importancia do uso responsable dos medicamentos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB4.2.1. Determina o carácter infeccioso dunha doenza atendendo ás súas causas e aos seus efectos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB4.2.2. Describe as características dos microorganismos causantes de doenzas infectocontaxiosas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL



			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB4.2.3. Coñece e enumera as doenzas infecciosas máis importantes producidas por bacterias, virus, protozoos e fungos, identifica os posibles medios de contaxio, e describe as etapas xerais do seu desenvolvemento e os posibles tratamentos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB4.2.4. Identifica os mecanismos de defensa que posúe o organismo humano, e xustifica a súa función. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB4.2.5. Interpreta nos prospectos dos medicamentos informacións relativas a posoloxía, indicacións e efectos adversos dos medicamentos de uso máis común no día a día. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Saúde e doenza. Importancia da ciencia na mellora da saúde ao longo da historia.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Doenzas máis frecuentes: causas, síntomas, medidas preventivas e tratamentos.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Substancias aditivas: tabaco, alcol e outras drogas. Problemas asociados.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Hábitos de vida saudables e non saudables. Alimentación



			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB4.2.3. Coíece e enumera as doenzas infecciosas máis importantes producidas por bacterias, virus, protozoos e fungos, identifica os posibles medios de contaxio, e describe as etapas xerais do seu desenvolvemento e os posibles tratamentos. 	▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB4.2.4. Identifica os mecanismos de defensa que posúe o organismo humano, e xustifica a súa función. 	▪ CMCCT
				saudable.
				Bloque 5. A humanidade e o uso dos materiais
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ g ▪ l ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Desenvolvemento da humanidade e uso dos materiais. Consecuencias económicas e sociais do desenvolvemento. Globalización, deslocalización e desenvolvemento sustentable.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Procesos de obtención de materiais: custos económicos, sociais e ambientais. O ciclo de vida dos produtos. Aplicacións a casos concretos nun contexto real do contorno próximo.



			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB4.2.3. Coñece e enumera as doenzas infecciosas máis importantes producidas por bacterias, virus, protozoos e fungos, identifica os posibles medios de contaxio, e describe as etapas xerais do seu desenvolvemento e os posibles tratamentos. 	▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCIB4.2.4. Identifica os mecanismos de defensa que posúe o organismo humano, e xustifica a súa función. 	▪ CMCCT
				<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Residuos como recurso: reducir, reutilizar e reciclar.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Novos materiais. Aplicacións actuais e perspectivas de futuro en distintos campos. A nanotecnoloxía.

BLOQUE 2: O UNIVERSO (BLOQUE 1 INCLUÍDO)

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	1ª AV	2ª AV	3ª AV	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	INSTRUMENTOS/PROCEDEMENTOS AVALIACIÓN
B1-2.1. Presenta información sobre un tema tras realizar unha	X			Obtén, analiza, selecciona, contrasta, redacta e presenta	Procedemento: Observación directa do traballo diario, análise e



busca guiada de fontes de contido científico, utilizando tanto soportes tradicionais como Internet.			<p>información sobre un tema relacionado co ciencia e a tecnoloxía; redacta resumos y elixe títulos adecuados.</p> <p>Busca información en diferentes medios, analiza, explica o sucedido e fai hipóteses xustificando as súas suposicións</p> <p>Realiza proxectos de investigación científica de forma individual ou cooperativa, como diferentes misións no Sistema Solar</p>	<p>valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación, valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).</p> <p>Instrumento: probas escritas de resposta múltiple, outros documentos gráficos ou textuais, debates e intervencións, proxectos persoais ou de grupo.</p>
B1-2.2. Analiza o papel que a investigación científica ten como motor da nosa sociedade e a súa importancia ao longo da historia.			<p>Considera a importancia da investigación científica para o avance da nosa sociedade ao longo da historia.</p>	
B1-3.1. Comenta artigos científicos divulgativos realizando valoracións críticas e análise das consecuencias sociais, e defende en público as súas conclusións	X		<p>Comprende e interpreta información de textos de divulgación científica, imaxes, gráficos e extrae conclusións adecuadas que comunica de forma oral e por escrito nos seus traballos e exposicións de clase.</p>	<p>Procedemento: Observación directa do traballo diario, análise e valoración de tarefas especialmente creadas para o estándar, valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).</p> <p>Instrumento: Avaliación modelo rúbrica de traballos e actividades realizadas durante as actividades programadas, debates e intervencións, proxectos persoais ou de grupo</p>
B2-1.1. Describe as diferentes teorías da orixe, evolución e final do Universo, establecendo os argumentos que as sustentan.	X		<p>Identifica e explica en que consisten as diferentes teorías científicas do Universo</p>	<p>Procedemento: Observación directa do traballo diario, análise e valoración de tarefas especialmente creadas para o estándar, valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).</p> <p>Instrumento: Avaliación de contidos, probas escritas de resposta múltiple correspondentes á unidade, outros documentos gráficos ou textuais, debates e intervencións, proxectos persoais ou de grupo.</p>
B2-2.1. Recoñece a teoría do <i>big bang</i> como explicación á orixe do Universo	X		<p>Explica a formación das primeiras estrelas e das galaxias a través da teoría do <i>big bang</i>.</p>	<p>Procedemento: Observación directa do traballo diario, análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación, valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).</p> <p>Instrumento: Avaliación de contidos, probas escritas de resposta múltiple correspondentes á unidade, outros documentos gráficos ou textuais, debates e intervencións, proxectos persoais ou de grupo.</p>
B2-3.1. Establece a organización do Universo coñecido, situando	X		<p>Describe a organización do Universo en estrelas, galaxias e nebulosas.</p>	<p>Procedemento: Observación directa do traballo diario, análise e valoración de tarefas especialmente creadas para o estándar, valoración</p>



nel ao Sistema Solar.				<p>qualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).</p> <p>Instrumento: Avaliación de contidos, probas escritas de resposta múltiple correspondentes á unidade, outros documentos gráficos ou textuais, debates e intervencións, proxectos persoais ou de grupo.</p>
B2-3.2. Determina, coa axuda de exemplos, os aspectos máis relevantes da Vía Láctea.	X		Recoñece características da Vía Láctea e a súa situación respecto ao Universo.	<p>Procedemento: Observación directa do traballo diario, análise e valoración de tarefas especialmente creadas para o estándar, valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).</p> <p>Instrumento: Avaliación de contidos, probas escritas de resposta múltiple correspondentes á unidade, outros documentos gráficos ou textuais, debates e intervencións, proxectos persoais ou de grupo.</p>
B2-3.3. Xustifica a existencia da materia escura para explicar a estrutura do Universo	X		Identifica a materia escura e recoñece a súa importancia para explicar a estrutura do Universo	<p>Procedemento: Observación directa do traballo diario, análise e valoración de tarefas especialmente creadas para o estándar, valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).</p> <p>Instrumento: Avaliación de contidos, probas escritas de resposta múltiple correspondentes á unidade, outros documentos gráficos ou textuais, debates e intervencións, proxectos persoais ou de grupo.</p>
B2-4.1. Argumenta a existencia dos buratos negros describindo as súas principais características.	X		Describe os buratos negros e recoñece a súa representación gráfica de acordo coa concepción da gravidade de Einstein.	<p>Procedemento: Observación directa do traballo diario, análise e valoración de tarefas especialmente creadas para o estándar, valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).</p> <p>Instrumento: Avaliación de contidos, probas escritas de resposta múltiple correspondentes á unidade, outros documentos gráficos ou textuais, debates e intervencións, proxectos persoais ou de grupo.</p>
B2-5.1. Coñece as fases da evolución estelar e describe en cal delas se atopa o noso Sol.	X		Identifica a fase da evolución estelar na que se atopa o Sol.	<p>Procedemento: Observación directa do traballo diario, análise e valoración de tarefas especialmente creadas para o estándar, valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).</p> <p>Instrumento: Avaliación de contidos, probas escritas de resposta múltiple correspondentes á unidade, outros documentos gráficos ou textuais, debates e intervencións, proxectos persoais ou de grupo.</p>
B2-8.1. Señala os acontecementos científicos	X		Recoñece a importancia da teoría da gravidade no coñece-	<p>Procedemento: Observación directa do traballo diario, análise e</p>



que foron fundamentais para o coñecemento actual que se ten do Universo.			mento actual que se ten do Universo. Identifica a espectroscopia como a técnica que permitiu descubrir a composición química do Universo	valoración de tarefas especialmente creadas para o estándar, valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións). Instrumento: Avaliación de contidos, probas escritas de resposta múltiple correspondentes á unidade, outros documentos gráficos ou textuais, debates e intervencións, proxectos persoais ou de grupo.
B2-3.1. Establece a organización do Universo coñecido, situando nel ao Sistema Solar.	X		Determina a organización do Universo e o lugar que ocupa o Sistema Solar nel.	Procedemento: Observación directa do traballo diario, análise e valoración de tarefas especialmente creadas para o estándar, valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións). Instrumento: Avaliación de contidos, probas escritas de resposta múltiple correspondentes á unidade, outros documentos gráficos ou textuais, debates e intervencións, proxectos persoais ou de grupo.
B2-5.1. Coñece as fases da evolución estelar e describe en cal delas se atopa o noso Sol.	X		Describe a secuencia de cambios que unha <u>estrela</u> experimenta ao longo da súa existencia e en cal delas se atopa o Sol.	Procedemento: Observación directa do traballo diario, análise e valoración de tarefas especialmente creadas para o estándar, valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións). Instrumento: Avaliación de contidos, probas escritas de resposta múltiple correspondentes á unidade, outros documentos gráficos ou textuais, debates e intervencións, proxectos persoais ou de grupo.
